



# **NORMAS DE ORGANIZACION E FUNCIONAMENTO**

## **IES PLURILINGÜE XOSÉ NEIRA VILAS**



### **Normas xerais:**

**Artigo 1º.-** O horario xeral do Instituto no que se desenvolverán as actividades lectivas, complementarias e extraescolares a realizar co alumnado será dende as 8:00 horas ata as 14:30 todos os días lectivos e de 16:00 a 18:30 horas as tardes fixadas na programación de cada curso.

**Artigo 2º.-** Os días lectivos o alumnado poderá entrar ao instituto 5 minutos antes do comezo das clases. Cada grupo de alumnos e alumnas deberá agardar ordenadamente na porta da aula-materia onde teña clase a chegada do profesor correspondente.

**Artigo 3º.-** As actividades obrigatorias para o desenvolvemento e avaliación dos currículos das distintas áreas ou materias realizaranse dentro do horario lectivo e fóra del cando exista acordo entre profesorado e alumnado, sempre dentro do horario xeral establecido no artigo 1º.

**Artigo 4º.-** Como norma xeral, non se permitirá a entrada na aula despois de iniciada a clase. Se o alumnado aporta xustificación de asistencia ao médico poderá entrar na aula e seguir a clase con normalidade. No caso de primeira hora e mentras as portas do centro permanecen abertas, terá dereito a entrar na aula coa correspondente falta de puntualidade que anotará o profesor/a que estea na clase.

**Artigo 5º.-** Durante as horas de clase o alumnado non poderá permanecer nos corredores do Instituto. O profesorado de garda será o encargado do alumnado que chegue tarde ou sexa expulsado da aula.

**Artigo 6º.-** No caso de ausencia dun profesor ou profesora a unha actividade lectiva, o alumnado quedará a cargo do profesorado de garda que decidirá a situación do grupo para o desenvolvemento das actividades pertinentes.

**Artigo 7º.-** Todos os membros da Comunidade Educativa están obrigados a velar pola adecuada utilización e conservación do material, equipamentos e dependencias do Instituto.

**Artigo 8º.-** No recinto do Centro (edificio, patios, pistas de deportes, aparcamento, etc) evitarase todo tipo de actuacións que resulten molestas para a normal realización das actividades académicas ou aquelas que poidan ser perigosas para a integridade física das persoas ou poidan causar deterioro en instalacións, xardíns, vehículos, etc.

**Artigo 9º.-** En aplicación do artigo 7º da Lei 28/2005, de 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, subministro, consumo e a publicidade de tabaco, queda prohibido fumar no IES. Sen prexuízo das sancións contempladas na citada lei, o incumprimento desta norma será considerado unha falta grave.

**Artigo 10º.-** A dirección do Centro é o órgano competente para resolver os conflitos e impoñer todas as medidas disciplinarias que correspondan ao alumnado, das que informará ao Consello Escolar e, no seu caso, á Comisión de Convivencia. O Consello Escolar ten a atribución de coñecer a resolución dos conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e de velar porque estas se atean á normativa vixente.

**Artigo 11º.-** O Consello Escolar poderá formar unha Comisión de Convivencia, composta por un membro do claustro de profesores e profesoras, un membro do alumnado, un pai, nai, titor ou titora legal dun alumno ou alumna, o Xefe ou Xefa de Estudos e o Director ou Directora que actuará como presidente ou presidenta da mesma.



A Comisión de Convivencia terá como funcións:

- a) *Mediar nos conflitos que se produzan entre os membros da comunidade educativa*
- b) *Propoñer a todos os membros da Comunidade Educativa ou a todos os órganos regulamentariamente establecidos a adopción de medidas e estratexias que axuden ao cumprimento das presentes normas.*
- c) *Canalizar as iniciativas de todos os sectores da Comunidade Educativa para mellorar a convivencia, o respecto mutuo e a tolerancia.*
- d) *Informar ao Consello Escolar do Instituto das resolucións e propostas acordadas.*

### **Normas específicas:**

#### **A) DO ALUMNADO.**

##### ***Artigo 12º.***

**12.1** O alumnado ten recoñecidos os dereitos que figuran no *Plan de Convivencia, baseados no Artigo 7 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*. Título II, Artigos do 10 ao 34 do R.D. 732/1995, do 5 de maio. (BOE 02/05/95).

**12.2** O alumnado poderá reclamar as cualificacións finais das materias. O procedemento a seguir é o recollido na Orde do 2 de marzo de 2021 (DOG do 11 de marzo) polo que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico correspondente.

**Artigo 13º.-** En desenvolvemento do artigo 29 do R.D. 732/1995, do 5 de maio, o alumnado poderá reunirse na sala de actos do Instituto nos períodos de lecer e no horario de apertura do Centro que non coincida con actividade lectiva, previa comunicación á dirección con tempo suficiente, onde deberán figurar os alumnos e alumnas que se van reunir e os responsables da convocatoria.

**Artigo 14º.-** O alumnado de ensino post-obrigatorio poderá saír do Instituto a última hora da mañá ou da tarde cando falte o profesor ou profesora correspondente, co consentimento do profesorado de garda e a autorización por escrito dos seus pais, nais, titoras ou titores legais, que se deberá solicitar ao formalizarse a matrícula.

**Artigo 15º.-** O deber máis importante do alumnado é o de aproveitar positivamente o posto escolar que a sociedade pon á súa disposición. Por iso, o interese por aprender e a asistencia a clase, é dicir, o deber do estudo é a consecuencia do dereito fundamental á educación. Os alumnos e alumnas teñen a obriga de asistir a clase con puntualidade, de achegar os materiais pedagóxicos que se lles indique e de realizar os deberes que en cada materia se propoñan.

**Artigo 16º.-** O alumnado ten os deberes que figuran no *Plan de Convivencia, baseados no Artigo 7 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*. Título III, artigos do 35 ao 40 do R.D. 732/1995, do 5 de maio. (BOE 02/05/95).

**Artigo 17º.-** En desenvolvemento do Artigo 41 do R.D. 732/1995, do 5 de maio, o alumnado deberá:

- a) Usar as instalacións e o mobiliario do IES de xeito adecuado ás actividades desenvolvidas.
- b) Transitar polos corredores e as aulas sen correr nin xogar.
- c) Seguir en todo momento as instrucións do profesorado e dos conserxes do Instituto.
- d) Xogar só nas pistas deportivas ou patios cubertos. Os xogos non poderán ser violentos

nin causar dano ás persoas, vehículos ou instalacións.

**Artigo 18º.-** O alumnado ten a responsabilidade de manter os seus pupitres ou postos de traballo no debido estado de orde e limpeza e de dar un uso adecuado ao mobiliario e ás dependencias do centro. Se un alumno ou alumna deixa o seu posto de traballo moi sucio, terá a obriga de limpalo, e se estraga algún elemento deberá repoñelo.

**Artigo 19.-** O alumnado queda obrigado a reparar os danos causados no material ou nas dependencias do centro por mal uso ou negligencia, incluíndo equipos e programas informáticos e pintadas nos peches exteriores do IES. Tamén queda obrigado a repoñer ou facerse cargo do custo económico da reparación, se o elemento estragado, por uso indebido, pertence a outro membro da comunidade educativa. Cando o dano sexa moral, a reparación consistirá na presentación de excusas en acto público ou privado, segundo corresponda á natureza dos feitos. Os pais, nais ou titores e titoras legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación.

**Artigo 20.-** O alumnado non poderá usar móbiles, cámaras nin outros medios de gravación de voz ou imaxes en todo o recinto do centro, incluíndo as zonas exteriores e as actividades complementarias. Estes dispositivos estarán gardados, desactivados e fóra da vista en todo momento. En casos excepcionais poderán ser utilizados coa aprobación e a supervisión dun profesor ou profesora ou dun membro do persoal non docente como instrumento didáctico e previa solicitude-coñecemento do equipo directivo. Como consecuencia de non estaren permitidos, o persoal do centro escolar non se fai responsable da súa desaparición ou deterioro.

**Artigo 21.-** O alumnado ten a obriga de entregar calquera obxecto ou substancia que lles sexa requirida polo persoal docente ou non docente do centro, debido ao mal uso ou ao perigo do mesmo.

**Artigo 22.-** Quedan expresamente prohibidos tanto o consumo como o transporte de bebidas alcohólicas dentro do centro e nas actividades extraescolares que se desenvolvan. O consumo ou tenencia de alcohol e/ou substancias estupefacientes será considerado falta grave.

**Artigo 23.-** O alumnado acudirá ao centro cunha vestimenta axeitada ás actividades docentes a desenvolver. Quedan prohibidas aquelas que impidan ou dificulten a identificación persoal, que atenten contra a dignidade ou supoñan un risco para a saúde.

**Artigo 24.-** Resolución de conflitos mediante procedemento conciliado (artigo 20 da lei 4/2011). En caso de conflito, o alumnado poderá acudir ao servizo de mediación do centro. No proceso de mediación, as partes en conflito tratarán de encontrar unha solución coa axuda de dous membros do dito servizo. Os compromisos acadados na mediación quedarán plasmados por escrito e terán un seguimento por parte do Equipo de Mediación e Convivencia, de xeito que se poida verificar o seu cumprimento e o resultado das vías de conciliación. O proceso de mediación suspende o inicio do procedemento que se puidera adoptar. As posibles medidas de corrección disciplinaria reactivaranse, unicamente, se os compromisos acadados na mediación non se cumpren.

Addenda debido á situación creada pola Covid-19:

- Artigo único:
  - a) A máscara é de uso obrigatorio en todo momento. O alumnado terá que traer unha máscara de reposto. Non é posible o uso de máscaras con válvula de exhalación.
  - b) O acceso realizarase de maneira individual, seguindo as lendas informativas colocadas polo todo o centro, o máis preto posible á dereita, indo en ringleira e mantendo a distancia de seguridade: 1,5-2 metros.



- c) O alumnado accederá ao centro pola zona que ten adxudicada.
- d) Unha vez no interior , o alumno/a deixará as súas pertenzas nas taquillas adxudicadas de maneira individual.
- e) Todo o alumnado terá que proceder a desinfección de mans antes de acceder á aula co xel hidroalcohólico situado a entrada da mesma.
- f) O alumno/a deberá desinfectar o seu pupitre e material escolar que se comparta, cada vez que cambie de aula e acceda a outra.
- h) Os tempos de lecer establécense coa mesma reunión organizativa que nas entradas, sempre que as condicións climatolóxicas o permitan, circulando en ringleira e mantendo a distancia de seguridade. Cada grupo-clase terá unha zona adxudicada, da cal non poderán saír (agás para acudir, de un en un, á cafetería). En caso de non poder saír ao exterior nos tempos de lecer por climatoloxía adversa, o alumnado organizarase de tal xeito que a primeira metade da aula sairá ao corredor (enfrente da súa aula) no primeiro período de lecer e a segunda metade fará o mesmo no segundo período de lecer.

## **B) DO PROFESORADO.**

**Artigo 25.-** O profesorado exercerá as súas funcións de conformidade co establecido na Lei da Función Pública de Galiza, a Lei para a Reforma da Función Pública, Regulamento Orgánico dos Centros de Ensino Secundario e demais lexislación vixente.

**Artigo 26.-** O persoal docente ten os dereitos e deberes que aparecen no Plan de Convivencia, segundo o Artigo 8 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa

**Artigo 27.-** O nomeamento dos profesores titores dos distintos grupos farase segundo o establecido no Artigo 58 do decreto 234/1996, do 26 de xullo.

Todos os profesores do instituto poderán ser nomeados titores, aínda que exerzan outro cargo.

**Artigo 28.-** As funcións de cada titor serán as especificadas no artigo 59 do decreto 234/1996 de 26 de xullo.

**Artigo 29.-** As amoestacións por faltas de asistencia do alumnado serán comunicadas pola Xefatura de Estudos aos pais, nais ou titores e titoras legais dos alumnos e alumnas, a instancia da correspondente titoría docente.

**Artigo 30.-** A xustificación das faltas do alumnado corresponde ao profesor ou profesora da titoría.

**Artigo 31.-** Os profesores e profesoras teñen a condición de autoridade pública. Os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade.

**Artigo 32.-** O profesorado e o persoal non docente poderá retirar dentro do recinto escolar ou durante as actividades complementarias e extraescolares calquera obxecto usado indebidamente ou que supoña un risco para a saúde ou a integridade persoal propia ou doutros membros da comunidade educativa. Os obxectos quedarán depositados na dirección do centro coa debida



custodia e serán entregados aos pais ou titores legais do alumnado e aos propios alumnos e alumnas, de seren maiores de idade, ao rematar a xornada escolar ou a actividade extraescolar ou complementaria desenvolvida. Todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

### C) DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.

**Artigo 33.-** Exercerán as súas funcións de conformidade co establecido na Lei da Función Pública de Galicia, Lei para la Reforma de la Función Pública, LOXSE, Convenio Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galiza e demais disposicións vixentes.

**Artigo 34.-** O persoal de Administración e servizos ten os dereitos e deberes recollidos no Plan de Convivencia, segundo o Artigo 9 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa

**Artigo 35.-** Son funcións do persoal de administración as especificadas na disposición adicional primeira da Lei 4/88 da Función Pública de Galiza no seu punto 4.

Son funcións do persoal subalterno as especificadas no artigo 3 do decreto 3143/1971 de 16-12-71 e na Lei 4/88 do 26 de maio da Función Pública de Galiza na disposición adicional primeira punto 5.

Son funcións do persoal de limpeza as especificadas no convenio laboral único da Xunta de Galicia.

### D) DOS PAIS, NAIS OU TITORÍA LEGAL DO ALUMNADO.

**Artigo 36.-** As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado teñen os dereitos e deberes recollidos no Plan de Convivencia, segundo o Artigo 6 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

**Artigo 37.-** Deberán canalizar as súas propostas e inquietudes a través da súa representación no Consello Escolar.

**Artigo 38.-** Deberán coñecer o presente regulamento e colaborarán co equipo docente do Instituto no cumprimento do mesmo por parte dos seus fillos e fillas, así como da totalidade do alumnado.

#### **Artigo 39.**

**39.1** Os pais, nais ou titoría legal do alumnado teñen dereito a ser informados das cuestións académicas e disciplinarias que afecten á súa filla ou fillo, debendo canalizar a través da titoría as entrevistas cos seus profesores e profesoras.

**39.2** Os pais, nais ou titoría legal do alumnado poderán reclamar as cualificacións finais das materias. O procedemento a seguir é o recollido na Orde do 2 de marzo de 2021 (DOG do 11 de marzo) polo que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico correspondente.





**Artigo 40.-** As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado teñen a obriga de asistir ao IES cando sexan requiridos polo titor do seu fillo ou polos membros de equipo directivo.

**Artigo 41.-** As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado poderán utilizar as instalacións do Instituto para as súas reunións ou actividades, debendo facer a correspondente solicitude á dirección. O horario de realización das mesmas tratará de axustarse ao horario xeral do Instituto.

## **E) DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.**

**Artigo 42.-** Durante a súa celebración rexerán as normas contidas no presente regulamento.

**Artigo 43.-** O alumnado que participe nas actividades extraescolares ou complementarias que se realicen polas distintas asociacións de nais e pais do alumnado será acompañado polos pais ou titores legais na proporción dun pai, nai, profesor ou profesora por cada vinte alumnos ou alumnas.

## **F) DO USO DA BIBLIOTECA.**

**Artigo 44.-** O horario de apertura da biblioteca elaborárase cada curso académico e estará en función da dispoñibilidade de profesorado para poder atendela.

**Artigo 45.-** Todos os libros ou publicacións do Instituto serán susceptibles de préstamo a calquera membro do persoal docente, do alumnado ou do persoal de administración e servizos, independentemente de cal sexa a localización física do mesmo, agás os que figuran no artigo 47.

**Artigo 46.-** Os libros prestaranse por un período de oito días, renovable unicamente por outros oito.

**Artigo 47.-** Dos libros localizados no edificio non se poden retirar para usar fóra del os dicionarios, enciclopedias, revistas e libros de orientación.

**Artigo 48.-** O alumnado non poderá retirar os libros sen o consentimento da persoa encargada, debendo cubrir as fichas correspondentes ao préstamo, previa presentación do carné escolar.

**Artigo 49.-** O uso da sala de lectura da biblioteca obriga a permanecer en silencio para non perturbar o traballo do resto de persoas que a utilizan, así como a non comer nin beber na mesma.

## **H) DO USO DA CAFETERÍA.**

**Artigo 50.-** Na cafetería do Instituto rexerán todas as normas establecidas no presente regulamento, debendo quen fai uso da mesma respectalas e facelas cumprir coma nas demais dependencias.

**Artigo 51.-** O horario de apertura da cafetería será o que figura no artigo 1º

**Artigo 52.-** En todo momento quen fai uso da cafetería e as persoas encargadas do servizo evitarán que poida producirse calquera tipo de discusión ou altercado.

**Artigo 53.-** De xurdir algún conflito entre clientes, a persoa adxudicataria da cafetería, ou as persoas que presten servizo nela, poderán impor aos implicados no mesmo o abandono do recinto, debendo comunicar o sucedido á dirección, que resolverá segundo a gravidade dos feitos.

**Artigo 54.-** O Consello Escolar do Instituto resérvase o dereito de admisión na cafetería, podendo impor restricións sobre o seu uso aos membros da comunidade escolar.

**Artigo 55.-** O alumnado non poderá permanecer na cafetería en horas de clase.

## **I) DAS FALTAS E DAS SANCIÓNS O ALUMNADO.**

**Artigo 56.-** Os deberes do alumnado necesitan unha concreción en canto ao tipo de sancións ou correccións que se deben impor cando se producen condutas contrarias ás normas aquí establecidas, por iso é de aplicación o disposto no *Capítulo II, artigos 14 ao 27 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*

**Artigo 57.-** En canto ás faltas de asistencia a clase, o coñecemento das mesmas por parte dos pais ou titores legais do alumnado non significa que estean xustificadas.

**Artigo 58.-** As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán poñer en coñecemento da titoría docente, coa suficiente antelación, as faltas a clase previstas do seu fillo ou filla. No caso de faltas imprevistas e xustificables deberán comunicalo á maior brevidade posible, non deixando transcorrer máis de cinco días dende a incorporación de novo ás clases.

**Artigo 59.-** Corresponde á titoría docente aceptar ou non a xustificación das faltas de asistencia, logo de ser postas no seu coñecemento por parte dos pais, nais ou titoría legal.

**Artigo 60.-** No desenvolvemento do Artigo 44.2 do R.D. 732/1995, de 5 de maio, establécese que un alumno ou alumna maior de 16 anos con tres apercibimentos por faltas de asistencia a clase nunha materia non poderá ser avaliado cos criterios xerais establecidos, nin mediante unha avaliación continua, perdendo o seu dereito á mesma.

Neste caso, deberá presentarse a unha proba extraordinaria a celebrar no mes de xuño.

O número de faltas de asistencia non xustificadas que darán lugar a un apercibimento escrito serán de:

- a) *Catro faltas a materias de dúas sesións semanais.*
- b) *Seis faltas a materias de tres sesións semanais.*
- c) *Oito faltas a materias de catro sesións semanais.*
- d) *Vinte faltas entre tódalas materias.*

**Artigo 61.-** O disposto no artigo anterior levarase a cabo a petición do profesor ou profesora das materias, da titoría docente do alumnado ou da Xefatura de Estudos, previa comunicación entre os tres.

**Artigo 62.-** O alumnado que ao longo do mes acumule 5 faltas de puntualidade a primeira hora, será obxecto dun parte de conducta que, por acumulación poderá levar consigo una sanción das establecidas. O alumnado que acceda ao centro despois do comezo de segunda hora, deberá facelo acompañado dun adulto e coa debida xustificación.





**Artigo 63.-** A comunicación da imposibilidade dunha aplicación correcta dos criterios xerais de avaliación continua corresponde ao Consello Escolar do Instituto que deberá transmitilo aos pais, nais ou titoría legal das alumnas ou alumnos afectados, independentemente da idade que teñan.

**Artigo 64.-** O profesorado está facultado para poñer medidas correctoras ás condutas leves contrarias á convivencia, sempre respectando a proporcionalidade entre as medidas aplicadas e as condutas disruptivas que se queren corrixir. Os profesores darán conta destas medidas ao do alumno ou alumna e, se o considera pertinente, á xefatura de estudos.

**Artigo 65.-** Calquera membro do equipo docente poderá sancionar a un alumno ou alumna coa comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos (Art. 48 B do R.D. 732/1995), debendo cumprimentar a correspondente comunicación escrita. Os partes de conduta deberán crearse e xestionarse cos medios telemáticos cos que conta o centro (SIXA).

**Artigo 66.-** As sancións de comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos poderán dar lugar, a criterio da mesma, a un apercibimento escrito.

**Artigo 67.-** No caso de acumulación de dous apercibimentos dos establecidos no artigo 66, farase unha valoración entre o profesorado titor, a xefatura de estudos e o departamento de orientación onde se decidirá a intervención a realizar.

**Artigo 68.-** Os alumnos ou alumnas que presenten condutas disruptivas que imposibiliten a marcha normal da clase e, polo tanto, o aproveitamento académico dos seus compañeiros e compañeiras, poderán ser apartados transitoriamente da aula. Estes alumnos ou alumnas levarán traballo para realizar nas aulas de inclusión educativa. As aulas de inclusión educativa, reguladas na lei 4/2011, estarán a cargo dun membro do profesorado designado pola xefatura de estudos, e no seu defecto un profesor ou profesora de garda. No caso de non haber profesorado dispoñible, o alumno ou alumna debe permanecer na aula. O principio destas aulas de inclusión é evitar que este alumnado quede apartado do proceso educativo.

**Artigo 69.-** O alumnado que presente condutas disruptivas estará obrigado a seguir un programa de habilidades sociais, cando se determine. Este será organizado polo departamento de orientación.

**Artigo 70.-** As condutas prescribirán segundo os prazos determinados no artigo 27 punto 1 da *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*:

*As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.*

**Artigo 71.-** Os pais, nais ou titores legais do alumnado maior de idade recibirán copia das comunicacións das correccións impostas aos seus fillos, salvo renuncia expresa por escrito na secretaría do Instituto.

## DISPOSICIÓN TRANSITORIA

**Primeira.-** As amoestacións comunicadas ao alumnado dende principio de curso co anterior regulamento de réxime interno terán o mesmo valor e computaranse xunto coas comunicadas a partir da aprobación do presente regulamento.

## NORMAS FINAIS



**Primeira.-** Queda derogado o anterior Regulamento de Réxime Interno.

**Segunda.-** Estas normas entrarán en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello Escolar do Instituto.

**Terceira.-** A dirección do centro está obrigada a entregar copia do mesmo a cada un dos membros da comunidade educativa no momento da súa aprobación.

**Cuarta.-** A dirección do centro entregará un exemplar a cada alumno e alumna que se matricule por vez primeira no Instituto.

Perillo-Oleiros a 21 de abril de 2021